



En Xinzo de Limia, a 1 de Xaneiro do 2019

BASES REGULADORAS DO FESTIVAL DA CANCIÓN HUMORISTICA DO ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA 2019

1.- OXECTO.

É obxecto das presentes bases reguladoras o concurso da canción humorística que se celebrará o Sábado de Entroido, día 2 de Marzo do ano 2019 as 18:00 h. na Praza Maior, e que organiza a Concellería de Cultura de Xinzo de Limia en colaboración coa Comisión do Entroido do ano 2019.

2.- PARTICIPANTES.

2.1.- Poderán participar no concurso todos aqueles colectivos interesados, sen límite de idade. O número mínimo de participantes por colectivos será de 5 e non poderán superar os 15. Os menores de idade deberán presentar xunto cos demais papeis requiridos a autorización necesaria conforme teñen o permiso do titor legal para ser participes do concurso regulamentado.

3.- INSCRICIÓN

3.1.- A inscrición poderase realizar cubrindo un formulario no que se recollerán os datos necesarios, o número de compoñentes, etc.

O formulario estará dispoñible na páxina web do Concello de Xinzo de Limia, no seguinte enlace, ----- . O formulario será enviado ao seguinte correo electrónico comisionentroidoxinzo@gmail.com, ou poderase presentar presencialmente na Biblioteca Municipal de Xinzo de Limia, da Casa de Cultura, en horario de 10:00 h. a 13:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h.

3.2.- O prazo de inscrición rematará o Luns, día 25 de Febreiro, as 20:00 h.

4.- NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

4.1. Serán necesarios, polo menos, catro colectivos para que o Festival se leve a cabo.

4.2. A actuación de cada colectivo deberá ter unha duración máxima de QUINCE minutos, que comezará a contar dende que comece a canción, parándose o reloxo cando soe a última nota ou acabe a parodia. O grupo que rebase o tempo máximo de interpretación establecido será descalificado inmediatamente.

En caso de descalificación, o xurado informará ao representante do colectivo unha vez se decida.

4.3. Será obrigatorio, para cada grupo concursante, a interpretación como mínimo DUNHA COMPOSICIÓN DE MUSICA FESTIVA para o concurso, entendéndose que sea fundamentalmente unha canción e non unha representación teatral. Admitíndose máis de unha sempre e cando se estea dentro do tempo regulamentado de QUINCE minutos.



4.4.- A letra das cancións deberán ser de composición orixinal, podendo empregarse melodías ou frases musicais recoñecibles.

4.5.- O disfrace do colectivo deberá ser coidado, mediante o emprego dunha mesma temática polos compoñentes.

4.6.- Está prohibido expresamente durante a celebración do Festival o emprego de elementos pirotécnicos, electrónicos ou de calquera outra natureza, que puidesen entrañar o mínimo risco de causar danos ou lesións a calquera persoa.

4.7.- Cada participante só poderá concursar nun único colectivo e o recollido na inscrición que antes presentara.

4.8.- O xurado disporá dunha táboa para a valoración da actuación. Os seus integrantes disporán do tempo de actuación para realizar a valoración dos diferentes participantes.

4.9.- Os resultado da votacións farase público nas R.R.S.S. da Comisión esa mesma noite e publicamente o Mércores de Cinza, antes do Enterro de Sardiña, programado para as 19:00 h. do día 12 de Marzo.

4.10.- Os participantes do Festival comprométese a responsabilizarse das accións ou omisións que se produzan durante o mesmo, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidades por ditos actos.

4.10.- Queda totalmente prohibido levar calquera tipo de animal ao Festival.

5.- XURADO E CRITERIOS.

5.1.- O xurado estará composto por un mínimo de tres persoas designadas pola Concellería de Cultura e a Comisión.

5.5.- O xurado deberá valorar:

- a. Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
- b. Posta en escena e interpretación.
- c. Intelixibilidade durante a interpretación.
- d. Humor das composicións.

A organización aportará unha táboa para axudar a realizar a valoración nas diferentes categorías. Cara criterio valorarase de 0 a 10 puntos para obter a puntuación final. Ao remate do desfile as e os compoñentes do xurado entregarán as táboas aos organizadores. As premiadas e premiados esbleceráanse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.

5.6.- A valoración só se poderá facer durante o transcurso do Festival. Unha vez rematado, calquera valoración será desestimada.



6.- PREMIOS.

6.1.- O total do diñeiro empregado para o concurso de disfraces do Entroido 2019 será de 1.050 € divididos da seguinte maneira:

- Primeiro premio de 600 €.
- Segundo premio de 300 €.
- Terceiro premio de 150€.

6.2.- Os participantes premiados recibirán un diploma polo importe do premio. Con este documento será necesario presentarse no Concello de Xinzo de Limia en horario de 09:00 h. a 14:00 h., de luns a venres, coa seguinte documentación:

- Documento de acreditación de representación do grupo firmado por todos os integrantes.
- Copia do D.N.I. dos titores legais, en caso de haber algún menor de idade.
- Certificado bancario (IBAN) do número de conta da persoa que represente o grupo para o cobro do premio.

6.3. Os premios superiores a 300 € procederase á retención do IRPF de acordo co establecido na lei 35/2006 do 28 de Novembro do IRPF.

7.- CONFORMIDADE.

Todas e todos os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do desfile e do concurso de disfraces. As e os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán a cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. As fotografías serán empregadas pola Concellería de Cultura e a Comisión do Entroido con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nas súas R.R.S.S. e páxinas web oficiais.

8.- ÓRGANO COMPETENTE.

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía de Xinzo de Limia.

Comisión do Entroido de Xinzo de Limia 2019

